

PUBLIC. POS

# O GAITERO DE LUGO

Calendario Gallego

Pro Ano do Señor de 1951

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,  
patriótico, popular e barato

Ano 94 da fundación

Propiedá rexistrada

Propietario: XERARDO CASTRO

VÉNDESE A 1'25 PESETAS

«Dille ó meu Gaitero  
que este ano vellín  
morre como santo  
anque foi cativo.



E deixá en herdança  
ao que media o sigro,  
anque morre probe,  
tanto como él tivo.»

---

## VENTA DISTE CALENDARIO:

En Santiago, Vda. de M. Neira Torrado, Casas Reales, 26.

Na Cruña, Vda. de Gervasio Varela, Librería - Carballo.

En Vigo, Mariano García, Calle García Barbón, 17.

En Ourense, Manuel García e Fillos, Lamas Carvajal, 7

Pedidos a o Editor: XERARDO CASTRO, San Pedro, 29. — LUGO

## Feiras e mercados da provincia de Lugo

*Concello de Abadín.*-Primeiro e terceiro sábado  
Gontán

*Alfoz.*-13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xullo  
Lagoa: o primeiro miércoles Mor

*Antas de Ulla.*-O 10, e mercados todos os lunes

*Baleira.*-Quincenalmente alternando ca de Cas-  
troverde

*Barreiros.*-Primeiro domingo e 1.<sup>o</sup> de Marzo e  
mercados os viernes en Souto; terceiro domingo  
San Xulián

*Becerreá.*-O 3 e 19

*Begonte.* 1.<sup>o</sup> e 15 Pacio e si o 15 e domingo o 14

*Carballedo.*-17 e 29 Castro; 4 Buciños

*Castro de Rey.*-Cada quince días en domingo  
alternando ca de Meira; 8 e último sábado Riberas  
de Lea

*Caurel.*-O segundo e cuarto domingo Seoane;  
1.<sup>o</sup> e 19 Folgosó; primeiro domingo Ferramulín

*Cervantes.*-Cuarto domingo Donís; 28 Quindós;  
17 San Martiño da Riveira; 18 San Pedro; primeiro  
domingo Seixas

*Cervo.*-O primeiro domingo e o 16

*Corgo.*-13 Aday; 23 Gomeán

*Cospeito.*-Terceiro domingo, chamada a do Monte  
e o primeiro miércoles de cada mes con mercado  
os miércoles; primeiro xoves Muimenta

*Chantada.*-O 5 e 21 e mercados os martes, xo-  
ves e domingos; 2 Laxe

*Castroverde.* Cada 15 días; 12 Miranda

*Fonsagrada.*-20 de Xaneiro; 25 de Marzo; 25 de  
Abril; Ascensión; Corpus; 24 de Xunio; 2 de Xullo;  
15 de Agosto; 8, 9, 10 e 11 de Setembro e 8 Novem-  
bro e mercados os sábados

*Foz.*-Mercados os martes; 10 e 24 Espiñeira

*Friol.*-O 14 e 21; 6 e 16 Roimil, 18 Cotá; 26 Gui-  
marey

*Germade.*-4 e 19 Momán; 13 Roupar

*Guntín.*-5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos;  
15 San Román

# O GAITERO DE LUGO

## Calendario Gallego

### Pro Ano do Señor de 1951

según as ouservaciós feitas no Ouservatorio  
da ciudá de San Froilán

---

Único que se publica en Galicia

---

**Cómputo eclesiástico.**—Aureo número 14.—Indición román, 4.—Epacta, XXII.—Letra dominical, G.—Letra do martiroloxio, C.—Ciclo solar, 28.—Domingos despóis de Pentecostés, 28.

**Velacións.**—Péchanse o 6 de febreiro; ábrense o 26 de marzal.—Péchanse o 1 de nadal; ábrense o 26.

**Ecrises.**—Ningún ecrise de Lúa. De Sol, haberá un, anular, o 7 de marzal, que non se verá na nosa terra nin en toda España. Veráse como parcial en Galicia, o ecrise anular de Sol do primeiro de setembro; na nosa terra escomenzará perto das once da mañan, pra rematar a unha e media da tarde.

**Festas.**—Circuncisión, 1 de xaneiro.—Reises, o 6. Setuaxésima, 21.—Domingo de Antroido, 4 de febreiro.—Miércoles de Cinza, 7.—Primeiro domingo de Coresma, 11.—Domingo de Ramos, 18 de marzal.—Pascua de Resurrección, 25.—As Pascuillas, 1 de abril.—Ascensión do Señor, 3 de mayo.—Pentecostés, 13.—Trindade, 20.—Corpus, 24.—Ofrenda do Reino de Galicia. Infraoctava do Corpus, 27.—Sagrado Corazón, 1 de San Xohán.—Festa de Cristo Rey, 28 de outouo.—Primeiro Domingo de Advento, 2 de Nadal.

**Témporas.**—Primeiras, 14, 16 e 17 de febreiro.—Segundas, 16, 18 e 19 de mayo.—Terceiras, 19, 21 e 22 de setembro.—Derradeiras, 19, 21 e 22 de nadal.

**Rogacións.**—Mayores, 25 de abril.—Menores, 30 de abril e 1 e 2 de mayo.

Use polvos «Pinós» pros bacoriños 1

## TESTAMENTO DO ANO

Escóiteme ben,  
siñor escribano,  
escóiteme ben.

Fago testamento  
co meu corto xuicio  
estando no leito  
do tempo vencido.  
Morro confesando  
todolos perxucios  
que fixen aos homes  
cos meus moitos vicios.  
Pra moitos fun santo,  
pra tantos... fun pillo.  
Deixo deudas fortes,  
anque vin ben rico;  
morro, malpocado,  
metido no asilo  
da última folla  
d'un libro cativo  
que trescentas tiña  
e sesenta e cinco.  
En cada unha folla  
o demo, que é ardido,  
fixome escribir  
algún estroncio.  
Loitas cando paces  
piden os amigos;  
choiva cando sol  
queren os elxidos;  
quentura si sede  
tiñan os cativos.  
Deste mundo tolo  
o delor é o sino  
y-a min, probe ano,  
tocóume cumprillo.  
Que a Deus dean gracias  
cantos de camiño

viviron felices,  
comeron pan trigo,  
laniberon bos doces,  
tiveron abrigo,  
gozaron saúde,  
xogaron cos fillos,  
medraron, runflaron,  
cantaron e riron.  
O Señor deixoulles  
o regueiro limpo.  
¡Sírvalles de gracia  
e non de castigo!  
Ditosos de aqueles  
que con limpo espírito  
gañaron conmigo  
o perdón diviño.  
Pero, ¡foron tantos  
os que mal viviron,  
e vivindo ben,  
perderon o siso!  
Mala heranza leva  
o meu probe fillo,  
o «cincoenta e un»  
dos anos do siglo:  
un mundo revolto,  
un lume acendido,  
o forte arroutado,  
soberbio o cativo.  
Cada un a querer  
un mundo ó seu lizo;  
cada un... un señor  
de todo o sabido.  
Cada un a buscar  
dar gosto ó corpoño

y-o que veña logo  
que cargue os perxuicios.  
Mal quedan as leiras  
do meu probe fillo:  
castro guerras quentes  
y-a Gran Guerra en frío,  
pouca alma nas y-almas,  
moito morto vivo.  
moita viva morte,  
moito ben mentido.  
Ante tantos males  
deixo un ben sabido:  
cos perdós de Roma  
queda un santo escrito

que en letriñas de ouro  
sinala o camiño  
que a Homildade rube  
ós ceos outísimos.  
Do Fillo que a leva  
adeprende, fillo.  
*«E dille ao «Gaiteiro»  
que este ano velliño  
veu e morre santo  
anque foi cativo.*  
*E deixa en herdanza  
ao que media o sigro,  
anque morre probe,  
tanto como él tivo».*

Escóiteme ben,  
siñor escribano,  
escóiteme ben.

## ALBORADA

Rompe o día feiticeiro  
y-o ventiño brincadeiro  
funga xa no piñeiral.  
Os cantores  
reiseñores  
cantan ledos pol-o val.

As fontiñas e regueiros  
murmurando mainos van,  
non hai néboa nos outeiros  
nín nas corgas, nín no chan.  
Xa o orballo centilea  
nas follíñas da herba mol:  
¡Ou, rapaces d'esta aldea!  
Vinde a ver nacel-o sol.

¡Ou, rapaces, vinde logo!,  
que xa nace como fogo,  
que xa brila e alumea

Merque Polvos «Pinós» pros porcos 3

con moi viva craridá ..  
¡Ou, rapaces d'esta aldea!.  
vinde-o ver que naceu xa.

Cantemos, cantemos todos  
cántigas da nosa terra:  
o sol da verde Galicia  
moita fartura alumea.

Xa dá o sol na frondente ladeira  
onde están os pomares en frol.  
¡Ay! o sol da feliz primaveira  
¡qué prácido sol!

O sol da nosa aldea  
bendito sea:  
que cobre os ceos d' azul color  
y-henche corgas e vales e montes  
e regueiros, e regos, e fontes  
de ventura, de vida y-amor.

† MANUEL LAGO GONZALEZ.  
Arcebispo de Sant-Yago.

## NOTAS VELLAS

---

### A VICTORIA DE FIISTERRA (1544)

O día 13 de Xulio apareceu nas nosas costas a armada francesa, composta de vinte e cinco naos ben armadas e equipadas. Veu recorrendo todolos nosos portos e saqueando o que encontraba a man. Fondeou entre Muros e Fiisterra, e, entre outras fechorías nesta última vila, por non deixar nada atrás, hastra arramplou con todal-as mantas que había no hospital, facendo o propio noutros portos. O peor foi cando puxo en terra toda a xente de armas, que pasaba de catro mil homes, mentres en toda Galicia apenas había soldados que poderan cha-

4 Merque Polvos «Pinós» pros cabalos

marse tales, pol-o poucos e mal armados que en xeeral estaban. Causou esto tal alarma, que nin no mesmo Santiago encontrábanse por seguros da invasión. Ao Conde de Castro todo se lle volvía mandar avisos e mais avisos a D. Alvaro de Bazán, que, no intre que estaba fora o Emperador, quedara por Capitán Xeeral do mar Océano, e, a sazón, hachábase en Laredo arrombando unha escuadra pra mandar a Frandes.

Colleu D. Alvaro con vintecatro naos que lle quedaran, e o 18 de xullo virou a proa en dirección aas costas de Galicia. Daba groria o ver con qué pompa as nosas naos sulcaban a estensa sabaa das augas.

Ao amanecer do día 25, dou vista a nosa armada aa villa de Fisterra. A enemiga hachábase diante de Muros, dispoñéndose a saquear o porto, si non lle aprontaban os doce mil ducados que pidía. Os muradianos xa ofrecían oito mil, pero en esto descúrense as duas escuadras: e, o descubrirse e dispoñerse ao combate foy todo un. Aquelo non foy combate, foy unha manda de rayos que cayeu sobre as naos francesas e as desbaratou ainda non en duas horas. Ao primeiro embiste da nao de don Alvaro contra a capitana nemiga, foyse ésta ao fondo con casi toda a sua tripulación. Revolveuse logo a nosa capitana contra outra nave francesa que viña a acudirlle a sua, e, en pouco tempo, rindeuna e tomouna. Co mesmo arranque e brío pelecharon as demais naos españolas: así foy que todal-as naos enemigas, menos a que se foy a fondo, e unha que escapou aa prisa (madia levaba que iba co pau maor menos) pra ir a dar noticia, si chegou a tempo, todas elas, repito, e o botín que levaban, caeron en poder dos nosos,

ANTONIO LOPEZ FERREIRO,

«A Tecedeira de Bonaval».

Merque Polvos «Pinós» pras aves

5

## XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Lun. † A Circuncisión do Señor.- ss. Fulxencio, Xustina, Martiña e Eufrosia. I. B.

 *Mingoante as cinco e once da mañán*  
O ano escomenza con lúa que devece e con tempo brusco, ventanías e algunha saravia, pero a lúa de xaneiro está a agardar axiña con melloría.

- 2 Mar. O Santísimo Nome de Xexús.-ss. Macario, Isidoro Narciso e o Beato Pedro abade (G)

- 3 Miér. ss Xenoveva e Daniel

- 4 Xov. ss. Aquilino, Tito e Benedicta

- 5 Vier. ss. Anastasio e Teodoro bispo (G), Telesforo Eduardo, Apolinario e Emiliana

- 6 Sáb. † Epifanía.-A. Adoración dos Stos. Reyes.- Melchor, Gaspar e Baltasar e San Meliano.-I. B.

- 7 Dom. ss. Xulián, patrón do Ferrol e Fiz

 *Nova as oito e dez da noite*  
O mingoante deixounos mollados a terecer ca moita friaxe, pero agora virán uns días crariños e limpos que da xenio,

- 8 Lun. ss. Maximiro, Luciano e Gódulo

- 9 Mar. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marclana

- 10 Miér. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xoán

- 11 Xov. ss. Teodosio Hixinto, Salvio e Anastasio

- 12 Vier. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto

- 13 Sáb. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica

- 14 Dom. ss. Hilario e o beato Bernardo de Corleón

- 15 Lun. ss. Pabro, Mauro e Benito

 *Crecente as doce e vintetres da noite*  
Perto ou lonxe non deixan de vir aquelas treboadas de que falan os vellos: «Trebón de xaneiro nin bó pan nin bó palleiro». Pro temos sempre unha raxeiriña de sol quente pol-o día e xiada nas mañáns.

- 16 Mar. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato

- 17 Miér ss. Antonio Abade, Rosalina e Leonila

6 Use Polvos «Pinós» pros pitos

- 18 Xov. ss. A cátedra de San Pedro en Roma e Santa Margarida
- 19 Vier. ss. Mario, Sara, Marta e Canuto
- 20 Sáb ss. Fabián, Sebastián e Felisa  
*Sol en Acuario perto das nove da noite*
- 21 Dom. de Septuaxésima.-ss. Inés, Froitoso, Epi-fanio.-I. P.
- 22 Lun. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio
- 23 Mar. ss. Adefonso e Raimundo de Peñafort  
*Cheas as cinco menos coarto da mañán*  
 Noitiñas de lúa crara; aterecemos. Os labregos quixeran esta arxa de xaneiro que cada pinga é un centeeiro.
- 24 Miér. Ntra. Sra. da Paz e ss. Timoteo e Feliciano
- 25 Xov. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo, Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Payo, Alfonso e Pedro bispos (G), a Conversión de San Pablo e Santa Elvira
- 26 Vier. ss. Froila (G), Policarpo, Teógenes e Paula
- 27 Sáb. ss. Olalla, Anxela e Xohán Cisóstomo
- 28 Dom. de Sesaxésima.-ss. Pedro Nolasco, Xu-yán, Cirilo, Tirso e Inés.-I. P.
- 29 Lun. ss Francisco de Sales, Valero e Ruzafa
- 30 Mar. ss. Martiña, Hipólito e Fiz  
*Mingante pertiño das tres e coarto da tarde*  
 As choviscas que veñen agora no mingoante de xaneiro hannon deixar antes «cortar o madeiro», mais...
- 31 Miér ss. Xohan Bosco, Xulio e Marcela
- Nota.-I. P., Indulxencia Plenaria nas Estacións de Roma.-I. B., Indulxencia parcial.- (G), Santoral Galego.
- Según Degredo da Congregación do Concilio os siñores Bispos poden deixar os áunos e abstinencias deste xelto, pros que teñan a Santa Bula de Cruzada:
- AÚNO. Somentes o Miércoles de Cinza.
- AÚNO CON ABSTINENCIA. Viernes Santo e as Vixillias da Asunción de Nesa Señora (14 de Agosto) e de Nadal (día 22, sábado de Témporas).
- ABSTINENCIA DE CARNE, todolos vernes de Coresma.
- Use Polvos «Pinós» pras pitas

## FEBREIRO 28 DIAS

### ADICADO A CANDELARIA

- 1 Xov. ss. Inacio, Severo, Pablo e Bríxida
- 2 Víer. A Candelaria e Santa Feliciana
- 3 Sáb. ss. Bras, Fiz, e o Beato Nicolás
- 4 Dom. Quincuaxésima (*Antroido*).— ss. Andrés, Leonisa e Xilberto.— I. P.
- 5 Lun. de *Antroido*.—ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino
- 6 Mar. de *Antroido*.—ss. Tito, Teófilo Saturnino e Dorotea.—Péchanse as velacións.—I. B.

 *Nova as oito menos seis da mañán*  
Bó xaneiro, mal febreiro, dí o verbo antigo. Asegún o que se entenda por bó e por malo. Imos ter auga e agradécese.

- 7 Miér. de Cinza.—ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.—Aúno.—I. B.
- 8 Xov. ss. Xohán de Mata, Círiaco, Paulo e Dionisio.—I. B.
- 9 Vier. ss. Cirilo, Donato e Apolonia.—*Abstinencia*.—I. B.
- 10 Sáb ss. Escolástica, Sotera e Xacinto.—Aúno.—I. B.
- 11 Dom. I de Coresma.-Nosa Señora de Lourdes e ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.—I. B.
- 12 Lun. ss. Euxenio, Damián e Olalla, Os sete santos fundadores dos Servitas.— I. B.
- 13 Mar. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Luciana, Catalina e Gregorio papa —*Anima*.—I. B.

 *Crecente as nove menos cinco da noite*  
Febreiro, unha horiña ao sol, outra ao braseiro; que boa falta fai. Anda todo revolto co ventiño este, pero o sol racha as nubes e forza.

- 14 Miér ss. Valentín e o beato Xohán Bautista.—*Témporta*. Aúno.—I. B.
- 15 Xov. ss. Faustino, Severo, Castro, Lucio e Decoroso.—I. B.
- 16 Vier. ss. Elias, Isaías, Xeremías, Xulián e Faustino -*Témporta*.-*Abstinencia*.—I. B.

8 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

17 Sáb. ss. Xulián de Capadocia e Alexo.-*Témpora.*  
*Aúno.-I. B.*

18 Dom. *II de Coresma.* ss. Teotonio (G), Simón,  
Clodio, Eladio e Santa María Bernarda.-I. B.

19 Lun. ss. Gabino, Alvaro e Conrado.-I. B.

*Sol en Piscis as once e dez da mañán*

20 Mar ss. León, Eleuterio e Nemesio.-*Aúno.-I. B.*

21 Miér. ss. Máximo, Fiz e Ovidio.-I. B.

 *Cheas nove e doce da noite*  
Tempo de mudanza, neve febreiríña, mala veciña,  
nos outos; choviscas e andacios. Ollo co sol, que,  
en todo o mes, foi ben treidor.

22 Xov. A Cátedra de San Pedro en Antoquía e  
ss. Pascasio e Trega.-I. B.

23 Vier. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida,  
Florencio e Pedro Damián.-*Abst.-I. B.*

24 Sáb. ss. Modesto, Serxio e Primitiva.-*Anima.-Aúno.-I. B.*

25 Dom. *III de Coresma.*-ss. Matías, Valerio monxe (G), Cesáreo, Valero e Donato.-*Anima.-I. B.*

26 Lun. ss. Leixandre, Fortunato e Víctor.-I. B.

27 Mar. ss. Baldomero e Leandro.-I. B.

28 Miér. ss. Basilio, Procopio, Rufino e Cayo -*Aúno.-I. B.*

 *Mingoante pertiño das seis da tarde*  
Ventos racheados, nubrados, choviscas e cando  
enxuga apertan as xiadas.

## INXURIA SINGULAR

Rifaban a tía «Mosca» y-a tía «Gadaña».

Non me lembro ben do insulto que a pirmeira dírixiu a segunda. A conta é qu' ésta dóulle cos puños  
a cara e berróulle d'este xeito:

— ¡Vouche chamar o que naide che chamoul...

— ¡Veciños, dean fé do que vai decir esta muller!,  
avísou a tía «Mosca».

— ¡Vouche chamar o que naide che chamou!...

¡Muller honrada!...

J. M. P. A.

Use Polvos «Pinós» pros coellos 9

## MARZAL 31 DIAS

### ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Xov. ss. Rosendo bispo (G), Manilán abade (G) e o Santo Anxel da Garda.-I. B.
- 2 Vier. ss. Simpricio, Pablo, Lucio e Pedro de Zúñiga -Abstinencia.-I. B.
- 3 Sáb. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiiana.-Aúno.-I. B.
- 4 Dom. IV de Coresma.-ss. Casimiro, Cayo e Lucio. Anima.-I. B.
- 5 Lun. ss Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Señora de África.- I. B.
- 6 Mar. ss. Victoriano, Víctor, Cirilo e Perpetua.-I. B.
- 7 Miér. ss. Tomás de Aquino Festa dos estudantes, e Felicitas.-Aúno.-I. B.

### *Nova as nove menos dez da noite*

 O tempo, se ven quente, da unha reviravolta de súpito (¿quén o entende?) que nos deixa xiados. Ventanias. Chovisca boa.

- 8 Xov. ss. Xohán de Dios e Fiz.-I. B.
- 9 Vier. ss. Francisca e Catalina.-Abstinencia.-I. B.
- 10 Sáb. ss. Leixandre, Melitón e Os Corenta Mártires.-Aúno -I. B.
- 11 Dom. de Pasión ou de Lázaro.-ss. Euloxio Magno, Constantino e Fermín.-I. B.
- 12 Lun. ss. Gregorio, Maximilián e Nosa Señora da Misericordia.- I. B.
- 13 Mar. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.-I. B.
- 14 Miér. ss. Florentina e Matilde.-Aúno.-I. B.
- 15 Xov. ss Anxo Tutelar de Galicia, Lonxines, Raimundo, e Melitón.-I. B.

### *Crecente as seis menos vinte da serán*

 Medra a lúa, medra a chuvia muda o vento e andamos todos revoltos.

- 16 Vier. de Dolores.-ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.-Anima -Abstinencia.-I. B.
- 17 Sáb. ss. Xosé de Arimatea e Patricio.-Anima.-Aúno.-I. B.
- 18 Use Polvos «Pinós» pros bacoriños

- 18 Dom. de Ramos.-ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.-I. B.  
 19 Lun. † San Xosé esposo da Santísima Virxen.-I. B.  
 20 Mar. ss Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.-I. B.  
 21 Miér. ss. Benito abade e Filemón.-Aúno.-I. B.

*Sol en Aries as dez e vinteseis da mañán*

PRIMAVERA

- 22 Xov. Santo.-ss. Deogracias, Pablo e Basilio.-I. B.  
 23 Vier. Santo.-ss. Victoriano, Fidel e Toribio.-Aúno e abstinencia.-I. B.

 *Cheas as once menos dez da mañán*  
 Ollo a perdiz: se a escoitas, ano feliz. O mes marcea, anque non faltan nin o sol que rega nin a y-auga que queima.

- 24 Sáb. Santo ou de Gloria.-O Arcanxo San Gabriel e ss. Simón e Agapito.  
 25 Dom. de Pascoa de Resurrección.-A Anunciación de Nosa Señora †-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino.-I. B.  
 26 Lun. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio. *Abrense as velacions*.-I. B.  
 27 Mar. ss. Xohán Dámasceno, Ruperto, Lidia e Alexandre I. B.  
 28 Miér. ss Xohán de Capistrano, Cástor, Doroteo e Sixto.-Anima.-I. P.  
 29 Xov. ss. Pastor, Xonás †-Eustasio.-I. B.  
 30 Vier. ss. Pedro Regalado, Xohán Clímaco, Víctor e Régulo.-I. B.

 *Mingoante as cinco e media pasadas da mañán*.- Os trebóns e temporal desfeito fan lembrar o dito; «cando trona en marzo, aparella os cubos e mais o brazo». Melloría que pode adiantar a primavera.

- 31 Sáb. ss. Amadeo, Amós, Benjamín, e Teódulo.

Use Polvos «Pinós» pras vacas

## ABRIL 30 DIAS

ADICADO AS DOORES DA VIRXE

- 1 Dom. in *Albis (as Pascuillas)*.- ss. Venancio, Macario e Teodora. *Festa nacional*.-I. B.
- 2 Lun. ss. Francisco de Paula e Abundio.
- 3 Mar. ss. Engracia virxe mártir (G), Ricardo, Benigno e Ulpiano.
- 4 Miér. ss. Isidoro, Benito, Víctor e Zósimo.
- 5 Xov. Bto. Xohán de Viveiro (G), ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.
- 6 Vier. ss. Celso, Celestino e Marcellino.

**Nova as once menos nove da mañán**  
Falou ben quen dixo: se en febreiro estiveches quente, na páscoa batirás o dente, e se tiveches frío, non cho digo, non cho digo...

- 7 Sáb. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.
- 8 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora, ss. Alberto, Perpetuo, Máxima e Xenaro.
- 9 Lun ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro.
- 10 Mar. ss. Urbano abade (G), Ecequiel e Daniel
- 11 Miér ss. León, Antipas e Isaac
- 12 Xov. ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón
- 13 Vier. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo
- 14 Sáb. Fr. Pedro González Telmo, abogado dos mariñeiros (G), ss. Tiburcio e Valeriano

**Crescente a unha menos cinco do dia**  
**D**A lúa, que quixo entrar xiando, medrou mollando. Agora, tempo de cuco: mañán mollado, enxolto ó fusco e lusco.

- 15 Dom. ss. Anastasia, Basílica Victorina i Elena
- 16 Lun. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G), Engracia, Cayo e Benito Labre
- 17 Mar. ss. Aniceto, María Ana i Elena
- 18 Miér. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio
- 19 Xov. ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio.- *Festa nacional*
- 20 Vier. Beato Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcellino e Víctor.

**12 Use Polvos «Pinós» pros porcos**

*Sol en Tauro as dez menos coarto da noite*

21 Sáb. ss. Anselmo, Apolonia e Alexandra

 *Cheia as nove e media da noite*  
Unha raxeira de sol quente que arrepia as nubes  
e revolve mais a tempia.

22 Dom. ss. Xerónima virxe (G), Sotero, Cayo e Angustias

23 Lun. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente

24 Mar. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio

25 Miér. ss. Marcos, Aniano e Estebo. - *Rogacións maiores*. I. B.

26 Xov. ss. Pedro de Rates, Miguel González (G), Cleto, Marcelino e Nosa Señora da Saleta

27 Vier. ss. Anastasio, Toribio de Mogrovejo e Pedro Canisio.

28 Sáb. ss. Estebo, Prudencio, Patricio, Vidal e San Pablo de Cruz

 *Mingoante as doce e coarto, mediodia*  
Ventiños revolteadeiros, que queren achegar as choviscas da Ascensión, que fan pan do pallón.

29 Dom. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo

30 Lun. ss. Amador Sofía, Lourenzo e Catalina de Siena. - *Rogacións menores*. I. B.

## CANTIGUÍNAS

Regalados caravels  
que da a terra moreniña,  
¡cóm' os losce entre desdénns.  
a morena rapariga!

Craveliño qu'ela doume  
mañanciña d' Ascensión,  
cravel negro, negro cravo,  
¡ay! cravoum' o corazón.

Espiñas da rosa cravan,  
cravos son os caravels,  
sempre frol e toda espíñas  
é pra os homes a muller.

EL MARQUÉS DE FIGUEROA.

Use Polvos «Pinós» pros cabalos 13

## MAYO 31 DIAS

### MES DAS FRORES

- 1 Mar. Nosa Señora da Pastoriza e de Araceli, ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.-*Rogacións menores.*-I. B.
- 2 Mar. ss. Atanasio e Fiz.-*Festa nacional.*-*Rogacións menores.*, I. B.
- 3 Xov. † A Ascensión do Señor.- A invención da Santa Cruz e San Alexandre.-I. B.
- 4 Vier. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina
- 5 Sáb. ss. Pío, Máximo, Euloxio e Agustiño
- 6 Dom. ss. Xohán Ante Portam Latinam patrón dos impresores e Teodoro

*Nova a unha e media pasada da noite*

*Ollo cas xiadas e cas treboadas do mes, que queren vir tamén agora cas mil augas de abril.*

- 7 Lun. ss. Augusto, Agustiño, Domitila, Estanislao e Benedicto
- 8 Mar. Nosa Señora dos Desamparados e a Aparición de San Miguel e San Eladio
- 9 Miér. ss. Gregorio Nacienceno e Lucas
- 10 Xov. ss. Antoniño e o beato Xob.
- 11 Vier. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anastasio.
- 12 Sáb. ss. Domingo da Calzada, Nero e Epifanio
- 13 Dom. *Pascoa de Pentecostés ou do Espírito Santo.* Nosa Señora dos Mártires e ss. Pedro Regalado e Roberto Belarmino.-I. B.
- 14 Lun. ss. Bonifacio, Pascoal, Xusta e Xustina.-I. B.

*D* *Crecente as cinco e media pasadas da mañán.* - Mayo me mollou, mayo me enxugou; mayo me lava, mayo me seca; mayo me pon a cara vermella.

- 15 Mar. ss. Isidro labrador, Torcuato, Simplicio e San Xohán B de la Salle.-I. B.
- 16 Miér. ss Xohán Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.-*Témpora.*-I. B.

**14 Use Polvos «Pinós» pros pitos**

- 17 Xov. ss. Pascoal Bailón e Bruno.-*Anima*.-I. B.  
 18 Vier. ss. Fiz Cantalicio, Xuliña e Dióscoro.-*Témpora*.-I. B.  
 19 Sáb. ss. Pedro, Celestino, Ciriaca e Prudencia.-*Témpora*.-I. B.  
 20 Dom. A Santísima Trinidade.-ss. Bernardino de Sena e Anastasio.  
 21 Lun. ss. María Auxiliadora dos Cristianos, Victorio e Secundino.

 *Cheas as seis menos coarto da mañán*  
*Cheas de nubes, cheas de ventos, con horas de sol e noites de medo.*

*Sol en Géminis as nove e coarto da noite*

- 22 Mar. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino  
 23 Miér. A Aparición de Santiago Apóstol, ss. Desiderio, Basilio e Miguel.  
 24 Xov. † *Sanctissimum Corpus Christi*.-ss. Torcuato (G), Susana, Robustiana e Xohán Prado  
 25 Vier. ss. Xenadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio  
 26 Sáb ss. Felipe Neri e Zacarías  
 27 Dom. *Infraoctava de Corpus - Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento en Lugo*.-ss. Beda, Xohán, Restituta e Xulio

 *Mingoante as oito e coarto pasadas do serán*  
*Non minga a y auga onde o vento soprou na fragua, onde non soprou o malo non é o peor.*

- 28 Lun. ss. Viliulfo bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán i-Emilio.  
 29 Mar. ss. Teodosia, Maximino e Madanela de Pacis  
 30 Miér. ss. Fernando Rey de España, Donadeo, Máximo e Monelo, monxes do Bierzo, Sta. Egeria (G), Basilio e Fiz  
 31 Xov. ss. María Mediadora de Todas-as Gracias, Petronila, Crescencio e Pascasio

## XUNIO 30 DIAS

### MES DE SAN XOHAN

- 1 Vier. *O Sagrado Corazón de Xesús.* - Beato Pedro Vázquez e Antonio de S. Boaventura mártires (G). Nosa Señora da Luz e ss. Inigo e Fortunato
- 2 Sáb. ss. Marcelino, Pedro e Nicolás Peregrina
- 3 Dom. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio
- 4 Lun. ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico

 *Nova as cinco menos vinte da tarde*  
Tamén entra con frío. Din que «mayo pardo e xunio craro, fan o labrador honrado». ¡Ogallá!

- 5 Mar. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho
- 6 Miér. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felipe, Amancio e Paulina
- 7 Xov. O Trunfo de San Pedro e San Roberto
- 8 Vier. ss. Medardo, Salustiano e Maximiano
- 9 Sáb. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio
- 10 Dom. ss. Restituto, Ciriaca e Margarida
- 11 Lun. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaítra
- 12 Mar. ss. Xohán de Sahagún, Nazario e Onofre

 *Crecente as sete menos oito da serán*  
Medra a lúa e medra o mes de San Xohán con trebóns cando fai craro e néboas escurentas de chovisca ao lonxe.

- 13 Mier. ss. Antonio de Padua e Luciano
- 14 Xov. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino
- 15 Vier ss. Vitón, Modesto, Crescencia e Benilde
- 16 Sáb. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico
- 17 Dom. ss. Manoel, Ismael e Pablo
- 18 Lun. ss. Efrén, Marco, Marcelina e Paula
- 19 Mar ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio, Ursicino e Xuliana

 *Cheia as doce e media pasadas, polo medio-dia.* — Melloría que pouco dura, pois pra remate, hemos ter auga e vento.

- 20 Miér. ss. Silverio, Florentino e Macario
- 16 Merque Polvos «Pinós» pras galiñas


# Pinós

LOS RESULTADOS  
SON ADMIRABLES



» los pollitos crecen  
polluelas adelantan  
las gallinas están más  
crevios cuándo éstos  
jor precio.  
ucciones para su empleo.

Caso de no hallarlos en la tienda, pi-  
danse directamente a Polvos «Pinós»,  
GERONA.



Baguñà Hnos. S. L. - Muntaner, 22-24 Barcelona

# POLVOS PINÓS

SUS CERDOS  
ALCANZARÁN  
ESTE PESO



# USE LOS Polvos



Con POLVOS «PINÓS  
sanos y robustos. Las  
dos meses la puesta. La  
sanas y ponen los hí-  
alcanzan me-

---

Los POLVOS «PINÓS» se  
venden en droguerías y  
similares.

---

Cada paquete contiene instr.

21 Xov. ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria  
*Sol en Cáncer as cinco e vinte e seis da mañán*  
V R A U

22 Vier. ss Paulino, Albano, Flavio e Niceas

23 Sáb. ss. Zenón, Fiz e Agripina

24 Dom. A Natividade de San Xohán Bautista e  
ss. Xohán Tersón (G), e Fausto

25 Lun. ss. Orosia, Guillermo, Próspero e Lucía

26 Mar. Payo de Tuy mártir (G), Hermoixio bispo  
(G), Xohán, Pablo e Virxinio

**C** Mingoante as seis e vinte pasadas da mañán  
Co mingoante medran as chuvias onde o vento  
non pode cas nubes.

27 Miér. Nosa Sra. do Perpetuo Socorro e S. Zoilo

28 Xov. ss. León, Arximiro, Paulo, Benigno e Irene

29 Vier. † *San Pedro e San Pablo*. - ss. Marcelo e  
Sírio

30 Sáb. A Commemoración de Santiago Apóstol e  
Santa Emilia

---

### Cantiga de San Xohán

Mañanciña de San Xohán,  
meniña, vaite lavar  
coa auga fría d'orballo  
frol d'auga do fontegal  
de follas de margarida  
e loureiro verdegal,  
meniña, vaite lavar.

EMILIO PITA,  
«Cantigas de nenos».

ADIVIÑA Redondiña, redondela;  
non ten porta, nin candela.

ADIVIÑA De alto me miras comerme querías,  
tú morrerás y-eu ficarei  
de tí se fará onde m'eu meteréi.

do fol que se faría da sua pel.  
Dixolle o centeo a cabra, falando

Merque Polvos «Pinós» pros coellos 17

## XULIO 31 DIAS

### MES DE SANT-IAGO

- 1 Dom. San Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso Señor Xesucristo, ss. Casto, Martín, Leonor e Galo
- 2 Lun. A Visitación de Nosa Señora e S. Longinos
- 3 Mar ss. León, Trifón, Xacinto, Heliodoro i Euloxio
- 4 Miér. ss. Laureano, Flavio e Teodoro

 *Nova as oito menos coarto, pouco mais, da mañán.* — Somella que o tempo quer vir mais fresqueiro, pro é somentes un somellar; por moito que queira ser pouco ha chover.

- 5 Xov. ss. Antonio María Zacarías, Miguel dos Santos, Zoa e Filomena
- 6 Vier. ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo
- 7 Sáb. ss. Cirilo, Metodia, Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis
- 8 Dom. ss. Isabel, Agapito e Procopio
- 9 Lun. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón
- 10 Mar. Beato Xohán Xacobo Fernandes martir (G), ss. Xenaro e hirmans mártires. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina
- 11 Miér. ss. Dictino bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino
- 12 Xov. ss. Xohán Gualberto, Fiz e Marciana
- 13 *Crecente pertiño das cinco da mañán*  
Revólvese o tempo unha miguiña: quéixase a xente do calor que abafa; treboada solta.
- 14 Vier. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i Esdras
- 15 Sáb. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro, Xusto e Marcelino
- 16 Dom ss. Enrique, Camilo e Antíoco
- 17 Lun. Nosa Señora do Carmo e San Fausto
- 18 Mar. ss. Aleixo Marcelino, León, Xacinto e Xenerosa
- 18 Miér. ss. Camilo, Mariña de Argasantas virxe e mártir (G), Sinforosa, Emiliano e Federico. — *Festa nacional.*
- 18 Use Polvos «Pinós» pros bacoriños

 *Cheas as sete e coarto pasadas da serán*  
Bon tempo seco e craro; vento do norte e do  
nordés; unha voltiña treizoeira.

- 19 Xov ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta  
20 Vier. ss. Elías, Librada, Xerome, Emílio e Se-  
vera.  
21 Sáb. O Trunfo da Santa Cruz e ss. Práxedes, Fe-  
liciano e Xulia  
22 Dom. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo  
23 Lun. ss. Apolinar, Brixida, Bernardo e Liborio

*Sol en Leo as catro e vinteún da tarde*

#### CANÍCULA

- 24 Mar. ss. Cristina, Fraucisco Solano e Víctor  
25 Miér. † O APOSTOL SANT-IAGO O MAIOR, PADROEI-  
RO DA PATRIA.-ss. Cristóbal e Cucufate

 *Mingoante pra dar as sete da serán*  
A chuvia mollou os bagos que xa pintan por  
Sant-Iago. E o cañado de sempre; ogallá non nos  
faga perder soio cañados e moyos, que poden faltar-  
nos bocois.

- 26 Xov. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela  
27 Vier ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana  
28 Sáb. ss. Víctor, Nazario, Celso e Eladio  
29 Dom. ss. Mirta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero  
30 Lun. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Rufino  
31 Mar. ss. Inácio de Loyola e Pablo

---

#### DITOS D'OS VELLOS

De besta, a mular, e de home, o de pouco falar.  
Fillo és, pai serás, como fixeres así o terás.  
Gastar e non ter, non sei cómo poda ser.  
Lareira como sea, pero ao fin tela.  
O que a todo di que sí ou é parbo eu o coida  
de min.  
Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres  
anos de can vello, tres anos de mal can.  
Val mais pequeno agudo, que grande e burro.

Use Polvos «Pinós» pras vacas

## AGOSTO 31 DIAS

### MES DE SANTA MARIA

- 1 Miér. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio. - *Xubileu da Porciúncula*.-I. P.
- 2 Xov. ss. Alfonso María de Ligorio, Máximo e Nosa Señora dos Anxos

#### *Nova as dez e media da noite*

A lúa do mes da Nosa Señora pon bó rostro, e trae días quentes, polo menos deica San Bartalo meu.

- 3 Vier. A Invención de San Estebo e San Eufronio
- 4 Sáb. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelio
- 5 Dom. Nosa Señora das Neves e San Emigdio
- 6 Lun. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor
- 7 Mar. ss. Mamede, Caetano, Alberto, Donato e Sicilia
- 8 Miér. Beato Roxeiro de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliano e Mariano
- 9 Xov. Beata Urraca Sarmento abadesa (G), santos Xohán B. Vianney Cura de Ars, Román, Marciano e Cleto
- 10 Vier. ss Lourenzo abogado contra os incendios e Paula

*Crescente perto das doce e media, polo mediodía.*—Anque din que tras da Pelengrina, inverno encima, o tempo non ven invernizo como a xente pode coidar.

- 11 Sáb. ss. Tiburcio, Filomena e Susana
- 12 Dom. Nosa Señora da Pelengrina. Patrona de Pontevedra, e ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima
- 13 Lun. ss. Clara, Casiano Hipólita, Aurora i-Elena
- 14 Mar. ss. Nuño Alvarez coengo (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.-*Atúno e abst.*
- 15 Miér. † *A Asunción, Nosa Sra. de Todo o Mundo, Nosa Señora áos Ollos Grandes Patrona de Lugo.*-ss. Payo bispo (G) e Tarsicio
- 16 Xov. ss. Roque, Xacinto e Xaquín pai de Nosa Señora
- 20 Use Polvos «Pinós» pros porcos

17 Vier. ss. Godina abadesa i-Eufemia Virxe e mártir (G), Paulo, Xuliana, Librado y Anastasia

 *Cheas as catro menos dez da noite*  
Si os ventos fortes siguen xirando non durarán  
moito estes díñas de vran. Din que o «trebón de  
agosto mellora o mosto».

18 Sáb. ss. Leonardo, Clara i-Elena

19 Dom. ss. Mariano, Luis, Maxín e Xohán Eudes

20 Lun. ss. Bernardo, Samuel e Severo

21 Mar. ss. Fidel, Ciriaca e Xohana Francisca de Fremiot

22 Miér. *O Purísimo Corazón de María* -ss. Fabriano e Timoteo

23 Xov. ss. Felipe, Benicio e Valeriano

*Sol en Virgo as once e coarto da noite*

24 Vier. ss. Bartalomeu i-Aurea

 *Mingoante as dez e vinte da mañan*  
Chuviscas a poucos con mañas cubertas, ventos  
froxos que algo queren despexar. Falan que neste día  
anda o demo solto y-anque o tempo non é d'él, agos-  
to levará a culpa si é que setembro non ten froito.

25 Sáb. ss. Luis Rey de Francia, Xenxo, María Micaela e Patricia

26 Dom. ss. Ceferino, Segundo e Vítores

27 Lun. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz

28 Mar. ss. Agustín, Bibiano, Payo e Moisés

29 Miér. A Degollación de San Xohán Bautista

30 Xov. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Limo, Celedonio i-Emeterio

31 Vier. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lorenzana (G), Ramón Nonnato e Nosa Señora do Bó Viaxe

---

ADIVIÑA      Outos pazos, lindas ventáns,  
                  ábreñse e féchanse, ninguén vive alá.  
                  *'sollo so*

Use Polvos «Pinós» pros cabalos      21

## SETEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

- 1 Sáb. ss. Xil<sup>o</sup> de Cayaso abade (G) e Lupo

 *Nova a unha menos vinte da tarde  
Ecrise de Sol das once a unha e media da tarde*  
Antre o ecrise y-o demais, o tempo anda ben revolvedeiro ¡Si viñera unha boa chuvia manseliña!

- 2 Dom. ss. Antolín, Estebo e Máxima

- 3 Lun. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia

- 4 Mar. San Adrián eremita (G), Nosa Señora da Consolación e ss. Cándida e Rosa

- 5 Miér. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obdulia

- 6 Xov. ss. Eutelio, Uxfo e Petronio

- 7 Vier. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa Señora dos Reises

- 8 Sáb. A Natividade de Nosa Señora e ss. Adrián e Adela

 *Crecente as seis e coarto pasadas da tarde*  
Aséntase mais o tempo pra ben ou pra mal; que aquela rega que quer vir veña ben pra todos.

- 9 Dom. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio

- 10 Lun ss. Pedro de Mezonzo bispo autor da Salve (G), Nicolás de Tolentino e Pulqueria

- 11 Mar. Nosa Señora das Viñas e ss. Proto e Xacinto

- 12 Miér. O Santísimo Nome de María e San Leoncio

- 13 Xov. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Euloxio e Maudilón

- 14 Vier. A Exaltación da Santa Cruz e San Víctor.  
*Día da Escola Cristiana.*

- 15 Sáb. Os Doores Groriosos de Nosa Señora e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio

 *Cheia perto das doce e media, pol-o mediodía.*  
Setembro vay andando e comendo, queimando montes e secando fontes, anque o vento do Sul quixerá enchelas.

- 16 Dom. ss. Cornelio, Cipriano i-Eufemia

- 22 Use Polvos «Pinós» pras galiñas

- 17 Lun. As Chagas de San Francisco e San Pedro Arbués  
 18 Mar. ss. Tomás de Villanueva, Xosé de Curpetino e Sofía  
 19 Miér. A Aparición da Virxe da Saleta, ss. Xenaro bispo e compañeiros mártires e María de Cervellón. *Témpora*.-I. B.  
 20 Xov. ss. Eustaquio, Agápito e Cándida  
 21 Vier. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo - *Témpora*.-I. B.  
 22 Sáb. ss. Tomás de Villanueva, Mauricio, Lourenzo e Xonás.- *Témpora*.-I. B  
 23 Dom. ss. Lino, Fausto e Trega

*Sol en Libra as oito e media da noite*

**OUTONO**

 *Mingoante perto das catro e coarto da noite*  
 Volve a querer chover, e onde chove acóllese ben  
 a y-auga, anque veña en mala compañía. O mes quer-  
 se despedir chorando, se o vento do norte o deixa,  
 que está moy rexo.

- 24 Lun. Nosa Señora das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio  
 25 Mar. ss. Lope e Fermín  
 26 Miér. ss. Amancio, Cipriano e Xustina  
 27 Xov. ss. Cosme, Damián, Adolfo e Florentino  
 28 Vier. Os Santos Bispos de Iria (G), e ss. Wences-  
     lao e Máximo  
 29 Sáb. San Miguel Arcanxo  
 30 Dom. ss. Xerome, Gregorio e Sofía.

Agora é noite crara.	Cincado pol o vento
Lentura de vrán;	cabecea o centeo
fuxiu a primadeira	e durmen as estrelas
e pasóu o San Xohán.	debruzadas no ceo...

I-escóitase o alalá  
 d' un carro cantareiro.  
 (Vai o orfeón de grillos  
 barallando no eixo).

ANGEL SEVILLANO  
 («O muíño Albeiro»)

Use Polvos «Pinós» pros pitos

23

## OUTONO 31 DIAS

### ADICADO AO SANTO ANXO

1 Lun. ss. Xervasio (G), o Santo Anxo Custodio e San Remixio. -*Festa Nacional do Caudillo*

 *Nova perto das duas da noite*  
A nova non quer amostrarre de escomenzo con bó rostro. Monición de ventanías e treboidas. Deus as leve onde non fagan mal.

2 Mar. Os Anxos da Garda e ss. Saturio i-Eutelio

3 Mier. Beato Vela eremita (G), as. Dionisio, Fausto, Cándido, Xerardo e Teresíña do Neno Xesús

4 Xov. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.

5 Vier. ss. Froilán bispo Patrón de Lugo (G), Victorino e Plácido

6 Sáb. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno

7 Dom. Nosa Sra. do Rosario e ss. Serxio e Marcos

8 Lun. ss. Demetrio, Pavo, Néstor e Bríxida

 *Creciente ao cair da media noite*  
Medra o bó e medra o malo. Non esquenzas que chantar en outono é levar un ano de abono.

9 Mar. Nosa Señora da Cinta, ss. Dionisio Aeropagita e Xohán Leonardi

10 Miér. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino

11 Xov. A Maternidá de Nosa Señora, ss. Nicasio, Xermán e Fermín

12 Vier. Nosa Señora do Pilar e do Remedio. -*Festa oficial da Raza. (Conmemoración do descubrimiento de América)*

13 Sáb. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio. A Aparición da Virxe de Fátima

14 Dom. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo

15 Lun. ss. Teresa de Xesús, Bruno e Fortunato

 *Cheia perto da unha menos dez da noite*  
Días limpos e quentes que o vento quer revirar con bagullas.

16 Mar. ss. Fiorentino, Ambrosio i-Eduviges

24 Use Polvos «Pinós» pras galinhas

17 Miér. ss. Mariano, Mamerta, Víctor e Margarida  
    María de Alacoque

18 Xov. ss. Lucas, Xulián e Trifona

19 Vier. ss. Pedro Alcántara e Rosina

20 Sáb. ss. Caprasio, Xohán Cancio e Irene

21 Dom ss. Hilarión, Astorio e Arturo

22 Lun. ss. María Salomé e Cerdula

 *Mingoante a cinco mirutos pra a media noite*  
Auga e vento que dispoñen as enchentes de San Simón, que han de ser soadas de ben lonxe.

23 Mar. ss. Servando, Pedro Pascual, Xermán e o  
    Beato A. María Claret

*Sol en Escorpio despóis das oito e media da noite*

24 Miér. ss. Rafael Arcanxo, Fortunato, Martiño e  
    Beata Paula de Frassinetti

25 Xov. ss. Frutcs, Crisanto e Daría

26 Vier. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano

27 Sáb. ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina

28 Dom. *Festividade de Cristo Rey.-ss. Simón e*  
    Xudas Tadeo

29 Lun. ss. Narciso, Xeroma I-Eusebio.-*Conmemoração dos Caídos*

30 Mart. ss. Cenobia, Clodio, Amparo e Alonso Ro-  
    dríguez

 *Nova as duas menos seis minutos da noite*  
Anque a lúa entre en outono e veña con forza de  
auga, poucas son as malas fadas e inda pode adian-  
tarse o San Martiño.

31 Miér. ss. Urbano, Quintín e Narciso

## ¿LUGUESAS?

¡Luguesas deben de ser!:  
onde elas lavan a cara  
calquera pode beber.

NORIEGA VARELA.

«Do Ermo».

Use Polvos «Pinós» pros coellos      25

## NOVEMBRO 30 DIAS

### MES DE SANTOS E DE DIFUNTOS

- 1 Xov. † A Festa de Todolos Santos.- ss. Benigno, Cesáreo e María.- I. B.
- 2 Vier. A Conmemoración dos Difuntos e S. Xusto
- 3 Sáb. Os Mártires de Zaragoza e ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo
- 4 Dom. ss. Carlos Borromeo e Domingo
- 5 Lun. ss. Zacarías, Eusebio, Flz e Isabel
- 6 Mar. ss. Leonardo e Severo

 *Crecente as sete menos dez da mañán*  
Mañáns molladas, seráns enxoitas; tempo ben temperado. Brétemas. Neves cediñas. Diol-as traya. Tede coidado co andacío da xente e do gado.

- 7 Miér. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio
- 8 Xov. San Alvito bispo (G), o Patrocinio de Nosa Señora e ss. Severiano, Severo e Victorino
- 9 Vier. ss. Teodoro, Orestes e Agripina
- 10 Sáb. Nosa Señora da Almudena e ss. Aniano, Demetrio e Andrés.
- 11 Dom. ss. Martiño ob., Bartolomeu e Toribio
- 12 Lun. ss. Martiño p., Millán, Diego Xosé Beato de Cádiz (G)
- 13 Mar. ss. Estanislao, Uxfo III, Homobono, Rufo e Diego de Alcalá

 *Cheia pertiño das catro da tarde*  
Dende San Martiño melloría certa, que a chovisca soave non desminte. Ollo cas primeiras xiadas.

- 14 Miér. ss. Trahamunda de Poyo abogosa dos emigrantes (G), Serapio, Lourenzo e Venerando
- 15 Xov. ss. Alberto Magno, Uxío I, Lepoldo, Leonicio e Abdón
- 16 Vier. ss. Rufino, Marcos, Valero, Edmundo e Xertrudis
- 17 Sáb. ss. Gregorio Acisclo e Victorio
- 18 Dom. ss. Teodoro, Román, Máximo e Odón
- 19 Lun. ss. Isabel viuda, Ponciano e Crispín

26 Use Polvos «Pinós» pros terneiros

- 20 Mar. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito. —  
*Dia de José Antonio*  
21 Miér. A Presentación de Nosa Señora, ss. Estebo,  
Honorio e Rufo

**C** Mingoante as oito dadas da serán  
«Pra San Cremente ergue a man da semente»; xa  
a y-auga e aquela ventanía que non se aturaba fixe-  
roncha deixar ben cedo.

- 22 Xov. Beato Xohán de Pontevedra (G), ss. Cecilia, Columbiano e Mario

*Sol en Sagitario perto das tres da mañán*

- 23 Vier. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia  
24 Sáb. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan  
de la Cruz, Crisógeno e Flora  
25 Dom. ss. Catalina, Moisés e Gonzaio  
26 Lun. Os Santos Mártires de Córdoba, ss. Silves-  
tre e Pedro  
27 Mar. A Medalla Milagrosa, ss. Virxilio, Facundo  
e Primitivo  
28 Miér. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano  
29 Xov. ss. Iluminada e Saturnino  
**Nova co día novo, a unha da noite**  
Se por Santos houbo neve no alto, agora por  
S. Andrés teremos neve no pé, e chuvia antremedias.  
30 Vier. ss. Andrés, Constancia e Xustina

## NIÑO DESFEITO

Cheguéi, botéi pol-a porta  
e metinme no portal.

toméi a escalaera arriba  
facendo as táboas rinciar...  
Entréi no sobrado... Naide  
parecéu a me tornar.

Baixéi dempois a cucíña,  
subín hastra á tella-ván...

Cheiro de casa valdeira      asustado d'aqué'l ván  
por toda ela e non mais.      iba contra mí dicindo:  
E cando sahín a calle      así a miña y-alma está.

J. BARCIA CABALLERO,

Use Polvos «Pinós» pras vacas

## DECEMBRO 31 DIAS

### MES DE NADAL

- 1 Sáb. ss. Eloy, Natalia e Cándida.- *Péchanse as velacóns*
- 2 Dom. I de Advento.- ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.-I. P.
- 3 Lun. ss. Francisco Xavier e Claudio
- 4 Mar. ss. Pedro Crisólogo, Osmundo, Cleto e Bárbara
- 5 Miér. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio

 *Crecente as catro e vinte da tarde*  
Medra a lúa, con días calmos que ventan chuvísca temosa e fresca. A poucos, revoltaránse o tempo y-o vento.

- 6 Xov. ss. Fernando abade de Antealtares (G), Nicolás de Bari i-Emiliano
- 7 Vier. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán
- 8 Sáb. † A Purísima Concepción de Nosa Señora.-ss. Macario i-Esther
- 9 Dom. II de Advento.- ss. Restituto, Cipriano e Locaya.-I. P.
- 10 Lun. San Florencio abade (G), Nosa Señora de Loreto, ss. Eulalia i-Hermóxenes
- 11 Mar. ss. Dámaso papa (G), Sabino e Daniel
- 12 Miér. Nosa Señora de Guadalupe e S. Constancio
- 13 Xov. ss. Lucía, Uxío e Orestes

 *Cheia as tres e media da noite*  
A cheia ven con ceo craro e raxeiras doces; noltes de friaxe que medra e chegará a aterecer. Neve e xiada.

- 14 Vier. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espíritidón
- 15 Sáb. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato
- 16 Dom. III de Advento.- ss. Uxío, Valentín e Delaira -I. P.
- 17 Lun. ss. Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia
- 18 Mar. Nosa Señora da O antiga Patrona de Pontevedra
- 19 Miér. ss. Nemesio e Timoteo.- *Témpora*.-I. B.
- 20 Xov. ss. Téofilo, Xulio e Domingo de Silos
- 28 Use Polvos «Pinós» pros porcos

- 21 Vier. ss. Ilduara nai de San Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.- *Témpora.*-  
*Aúno e abstinenzia.*-I. B.

 *Mingoante as duas e media dadas da noite*  
Quixera vir un Nadal mollado pra un Xaneiro ben nevado; o ventiño nordés quer revirar o tempo.

- 22 Sáb ss. Demetrio, Zenón i-Elena.- *Témpora.*-  
*Aúno.*-I. B.

### *Sol en Capricornio as catro da tarde*

#### INVERNO

- 23 Dom, IV de Advento.- ss. Victoria, Nicolás, Sér-vulo e Vintila.-I. P.

- 24 Lun Noiteboa.- ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.

- 25 Mar. † A Natividade de Noso Señor Xesucristo.  
Santa Anastasia -I. B.

- 26 Miér. ss. Estebo e Mariano.- *Abrense as vela-cions.* I. B.

- 27 Xov. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.-I.B.

- 28 Vier. Os Santos Inocentes, Agape e Teófila de Cantorbery.-I. B.

 *Nova perto da media noite, as menos coarto*  
A lúa quer chegar con ventiños lxeiros; friaxe pouquiña e unhas bagullas pol-o ano que se vai; poucos as deitarán co tempo. Que o novo sexa mellor si é que pode.

- 29 Sáb. Beato Vidal abade (G), ss. David e Tomás.

- 30 Dom, A Traslación de Sant-Iago e San Sabino.

- 31 Lun. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Paulina

### Fresca rosa a Señora de Belén

¿De Belén?... ¡Miña Xoinal!  
alo en Noite ben sonada  
xente ruín com' a tiña  
coidando que era p:obiña  
non lle quixo dar pousada.

Use Polvos «Pinós» pros cabalos

¡N'agarímaran señores!,  
mais xa que oscuros pastores  
correron pr' a espalecer,  
gozosa, c' os moradores  
d'os agros se quere ver.

Lembrándose da vaquiña  
que abafou ó Salvador,  
santifica alba ermidaña  
ora na verde terriña  
de Nicomedes Pastor.

¡Rosada, Garrida Aurora!  
y-alí está pra ben secar  
lagrimiñas de quien chora...

E cando ás maus d'o Filliño  
vai pousarse un paxariño,  
asegura a Tradición  
que lle leva no biquiño,  
fresca rosa: unha oración.

ANTONIO NORIEGA VARELA.  
«D'o Ermo».

## TREBOADAS

¿Canto vai que non acertades cantas treboadas  
houbo e cantos días caeu saravia en Galicia nun  
ano? En Galicia trona pouco. Pra cento dezaseis  
tormentas que ten de colleita Albacete, as trinta e  
tres que teñen a Cruña e Pontevedra son pouca  
cousa; Lugo ten inda menos, vintecatro, e Ourense  
houbo un ano, en 1946, que non tivo mais que nove.  
Na saravia fumos inda melioriños; dezaseis días  
Pontevedra, quince a Cruña, trece Lugo e... catro  
Ourense. Pero chegaron ¡Se foran mais de sesenta  
díaz delas como os houbo por esas terras adiantel  
E pensar que un deses pedriscos pequenos dos que  
nin falan os papeles, pode levarse, así como así,  
por diante un millón de pesos.

30 Use Polvos «Pinós» pros pitos

## A MODA

O pequeno mais vello de Bouso do Val, foi un dia a feira ca sua nai; e como ali había muitas couzas que ver, quedóuse mirando pra unhas e pra outras sin darse conta. Un e outro cando repararon viñeron que se alcontraban sin a compañía.

Topou n'este auto con Digna da Gabia, que se entretiña ouservando o precio dos ovos e preguntoelle:

— ¿Viche por ahí ó meu pequeno?

— Ay non, nena, non.

— ¡Ay María Santísima! ¡é perdinol! Chegamos xuntos á feira e comprei uns visos ás pícaras e uns calzóns pra Ramón, dou a volta e miro pro xa non o vexo. ¡Dios mio!, ben sei que o colleu unha condanada d'unha bazaleta ¡deu o demo tantas!

— Non o colleu, non, nena, si Díos quer, díxolle Digna.

— Muller, anda cando min a versi o encontramos.

Por muito que andiveron enriba e abaxo non deron con él Pro aló cando era hora de sair os coches apareceu mais ledo que un gato con tripas.

Logo sóupose que pasaba Xan do Val pol-a empedrada e sintiu chorar o pequeno cerca da fonte, mirou pra él e así que o víu, dixo:

— ¡Ou, vaites se non é Joseíño de Bouso!

Xan, que delira sempre cos pequenos do seu pueblu, levu aloumiñando n'él:

— Cala a boquiña, Joseín, de tú qué tes, hom?

— Perdín a miña nai.

— Pois non te asustes, nenín Vente, que eu vou comer á casa de Cadórniña e tú has d'ir candamín; pro outra vez que te encontres en sitio de tanta xente, pra que non perdas a tua nai, agarra ben pol-a saya.

— Pro por ali non pudo.

— ¿E por qué, hom?

O pequeno, inda sollelando, contestóu:

— Por... per... que... que... ¡tennas tan altas!

TUNALLÓN.

Use Polvos «Pinós» pras galiñas

31

- Incio*.-O 22  
*Láncara*.-O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Prebla; 11 Río (Esfarrapa)  
*Lorenzana*.-O 9, 19 e 28 e mercados os domingos  
*Lugo*.-O 4, 5 e 6 de Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados o martes e viernes; penúltimo día de cada mes Nadela  
*Meira*.-O segundo e cuarto domingo  
*Mondoñedo*.-O 17, 18 e 19 de Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercados os xoves e domingos. Quendas o 2 de mayo (anual)  
*Monterroso*.-O 1.<sup>º</sup> y o 15 e mercados os miércoles; 1.<sup>º</sup> de novembro anual  
*Monforte*.-O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda  
*Muras*.-O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa  
*Neira de Jusá*.-1.<sup>º</sup> e 18 Baralla; 7 Sobrado  
*Navia de Suarna*. Segundo domingo e derradeiro viernes; 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales)  
Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo, Rao  
*Nogueira de Muñiz*.-O segundo domingo  
*Os Nogales*.-O segundo domingo, Doncos  
*Orol*.-O primeiro domingo, Miñotos  
*Palas de Rey*.-O 7 y o 19 e mercado os sábados  
*Pantón*.-O 1.<sup>º</sup> e 15 Ferreira; 18 Santa María  
*Páramo*.-O 10  
*Pastoriza*. Cada quince días en domingo alterno  
Bretoña; o segundo e cuarto sábado Relgosa  
*Piedrafita*.-O 5 e 21 e o 8 de Setembro (anual)  
*Pol*.-O 1.<sup>º</sup> e 15 Rioxuén; 7 e 21 Mosteiro  
*Puebla del Brollón*.-11 e 25; 29 Xunio (anual);  
2 Estación  
*Puertomarín*.-Mercado os domingos  
*Quiroga*.-O 10 e 27  
*Rábade*.-O 2 e o 22 e mercado os xoves  
*Ribadeo*.-Todos os miércoles e o 7 de Setembro  
*Riotorto*.-Mercados os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Moxueira

*Rivas do Sil.* O 16

*Samos.*-O 15, 17 Ponte do Lózara; 4 Castroncán

*Sarria.*-O 6 e o 20 San Lázaro (anual) e mercados os domingos

*Saviñao.*-O 8 Escairón; 26 Currelos

*Sober.* O 18 e 8

*Taboada.*-O 20 e mercados os sábados.

*Trabada* -O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira (anual); 30 de Mayo, San Fernando (anual)

*Trasparga* -O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga; 23 Santa Cruz de Perga; 7 Villares: o último domingo Guitiriz e mercado os miércoles

*Triacastela.*-O 12 e 28

*Valle d'Ouro.*-O miércoles siguiente ao terceiro domingo e mercado os sábados

*Villameá.*-Cada quince días en domingo que non coincide ca de Meira, e mercados todos os domingos

*Viveiro* -O primeiro e terceiro domingo e mercados os xoves, sábados e domingos: o segundo domingo Galdo; luns de Pascua, Cobas (anual)

*Villalba.*-O primeiro domingo e martes siguientes ao terceiro, e mercado os martes e sábados; último domingo Arbol e mercados os viernes

*Xove.*-Rígueira e Xove o cuarto domingo

#### Feiras anuales de Galicia

*Xaneiro;* 7, Portes, 8, Navallos.-*Febreiro;* 3, Portomarín.-*Marzo;* Domingo de Lázaro, Sarria.-*Abril;*

6, Noya; luns de Cuasimodo, Tuy; luns de Pascua, Cobas en Viveiro.-*Mayo;* Día da Ascensión Santiago; 30 Balboa, Ribadeo; Pascua de Pentecostés, Padrión; 1, Ourense; 29, Somiedo e Brolión en Quiroga.-*Xulio;* 2 Cruña; 25, Santiago.-*Agosto;*

Pola Pelengrina, Pontevedra; 10, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.-*Setembro;* 8 Fonsagrada,

3 días; terceiro domingo, Becerreá; 8 Piedrafita d'o Cebreiro.-*Octubre;* 5, Lugo, 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días; 20, Lindón; terceiro domingo, Becerreá.-*Novembro;* 1, Monterroso e Pontevedra.

Ponte Novo, xoves da Ascensión e o último domingo de Outono

Cos POLVOS DÍNOS  
damos mais leite e mellor

